

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA-DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA EN DOUS EDIFICIOS MUNICIPAIS: O MUSEO DA HISTORIA DE VALGA E A BIBLIOTECA E ALMACÉN

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, José María Bello Maneiro, NIF 35412262J, na súa calidade de alcalde do Concello de Valga, con CIF P3605600J, en virtude do disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 24 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que nesta materia teñen os habitantes desa zona.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo unha serie de actuacións



encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura. Pretende defender e promover os valores culturais do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

Para isto desenvólvense mecanismos de promoción e difusión cultural que buscan, por un lado, apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra das nosas fronteiras e, paralelamente, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

O Concello de Valga quere levar a cabo actuacións de mellora en dous edificios municipais: o Museo da Historia de Valga e a Biblioteca e almacén.

O Museo da Historia de Valga

O Museo da Historia de Valga foi inaugurado no ano 2015, sendo integrado na rede de Museos de Galicia. Este museo promove a difusión da historia, o patrimonio e a cultura de Valga, que tamén é a historia, o patrimonio e a cultura de Galicia. Este museo conta, ademais, con tres salas dedicadas a persoeiros ilustres. Unha está dedicada a Xesús Ferro Couselo e ao Padre Isorna. Xesús Ferro Couselo, tivo a dedicación do Día das Letras Galegas no ano 1996 e é un innegable referente no forxado e consolidación da cultura galega.

O Concello de Valga convoca, anualmente, un Premio de Investigación que leva o seu nome. Neste premio de investigación histórica, etnográfica..., preséntanse dúas modalidades, un a nivel autonómico e outro a nivel local. Este premio xa vai pola súa XXIII convocatoria converténdose nun referente.



Na defensa e difusión da cultura galega, tamén foi un activo fundamental O Padre Isorna non só no aspecto relixioso.

As outras dúas salas están dedicadas á figura de Bella Otero. Ela é a artista que maior alcance internacional tivo e que mellor pode servir como promoción do concello de Valga e tamén de Galicia.

O Museo da Historia de Valga ven a cubrir un espazo de oferta cultural pero tamén de defensa e conservación de bens patrimoniais. Non se atopan museos de carácter similar na contorna entre Pontevedra e Santiago. Deste xeito podemos distinguir entre a función museística expositiva e a función museística de depósito e custodia.

Na función museística expositiva, o incremento de número de visitantes locais, autonómicos e nacionais estaba a ser exponencial ano tras ano. Este incremento foi interrompido pola situación de pandemia global, e pouco a pouco estase a retomar cifras de visitas equivalentes aos primeiros anos de apertura. Os visitantes internacionais, polo momento, son cifras menores ás nacionais pero tamén se constata un incremento proporcional.

Na función de depósito e custodia de bens, obsérvase que esta función ten unha repercusión indirecta que fai que a sociedade de Valga veña demostrando estes anos un maior interese polo patrimonio, pola súa difusión, o seu estado e conservación e polo tanto un maior respecto ao mesmo.

Por isto, o que se pretende é ampliar, por un lado as salas dedicadas aos persoeiros ilustres, dotándoas de máis contidos complementarios aos xa existentes. Deste xeito, farase que estas salas acadan unha maior coherencia expositiva e cun deseño máis atractivo, que faga que as persoas visitantes acaden unha maior comprensión das temáticas tratadas.

Actualmente, os equipamentos destas salas son insuficientes para a óptima exposición dos bens, tanto en sentido estético, como perfecta conservación. Neste sentido, a adquisición de novos sistemas de iluminación permitirá adecuar a intensidade lumínica a cada peza controlando os lumens á que esta se ve exposta.



Ademais, os equipamentos, farán que os traballos técnicos que, intrinsecamente van asociados á catalogación, conservación e difusión dos bens do museo, se faga dun xeito máis áxil, efectivo e de maior calidade.

Considérase que a mellora nos aspectos expostos creará unha melloría substancial na imaxe propia do Museo da Historia de Valga, do Concello de Vaga e Rede de Museos da Xunta de Galicia.

Biblioteca e almacén

A Biblioteca Municipal de Valga está integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia. Esta biblioteca está equipada para albergar os fondos de acceso directo para consulta ou préstamos e para a atención a persoas usuarias.

Os obxectivos a acadar serían crear dous espazos que se considerarán fundamentais para un funcionamento global do que na actualidade se considera unha biblioteca.

Estes espazos serían:

Creación dunha sala de consultas, de lectura, de estudo, de traballos escolares ou de investigación, que funcione á súa vez coma un espazo multifuncional que, en ocasións puntuais sirva para o desenvolvemento de actividades de carácter cultural como poden ser obradoiros literarios ou contacontos infantís.

Adecuación dun espazo que funcione como almacén da biblioteca. Este almacén cubriría as carencias actuais dun espazo dedicado á almacenaxe de novos fondos que estean pendentos de catalogación e, por outro lado, un espazo de almacenaxe de fondos que sexan de consulta ou préstamo menos habitual ou que requiran un tratamento máis exclusivo, por exemplo, a súa antigüidade.

Para a posta en funcionamento destes locais, é urxente o subministro de mobiliario como mesas de traballo, cadeiras, librerías ou estantes, xa que sen estes elementos é imposible dar o servizo adecuado das instalacións.



Con estes convenios asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, os espazos necesarios para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos .

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Valga para levar a cabo actuacións de mellora en dous edificios municipais: o Museo da Historia de Valga e a Biblioteca e almacén.

O orzamento total da actuación é de 97.568,70 € IVE incluído.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece ás actuacións de mellora en dous edificios municipais do Concello de Valga: o Museo da Historia de Valga e a biblioteca e almacén ,que permitan ofrecer, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ao uso das fontes de coñecemento e da cultura.

Por todo o anterior é o Concello de Valga o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2022, e dada a especificidade e exclusividade da actividade a realizar baseada en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.



SEGUNDA.- Obrigas do Concello de Valga

O Concello de Valga comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual– a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O Concello deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O Concello ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por



ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

O Concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aboar ao Concello de Valga a cantidade de 80.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.760.0 (código de proxecto 2015 00370) con cargo aos orzamentos de 2022.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (97.568,70 €), a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que non poderá superar o 80% do importe subvencionado. O pagamento restante, pagarase no momento da completa



xustificación polo Concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades. A concesión de anticipo realizarase mediante resolución motivada, de acordo co disposto no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas . A data tope de presentación da documentación xustificativa da actuación e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida será o 20 de decembro de 2022.



A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas, as entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

O Concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez



xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.

- Unha relación-detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe; ou, se é o caso, declaración de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2022 e ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o Concello non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o



importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e polo alcalde do Concello de Valga.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de



Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019),



que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa



Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

O alcalde do Concello de Valga

Román Rodríguez González

José María Bello Maneiro

